REUNIÓN DA COMISIÓN 8ª, PESCA E MARISQUEO

Día: 27.04.2018 Hora: 10:30

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
23 ABR. 2018
Núm. 8863

A Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 27 de abril de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único: Preguntas

1.1 22193 (10/POC-003612)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e 2 máis
Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia da situación de perda progresiva do contacto entre os investigadores e os traballadores directos do mar, a creación dunha entidade autonómica que aglutine a investigación no sector pesqueiro e as medidas que pode levar a cabo para impulsar un cambio nesta situación
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 237, do 11.01.2018

1.2 22759 (10/POC-003752)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
López Crespo, Carlos Enrique e 7 máis
Sobre a execución das obras de mellora iniciadas a principios do verán de 2017 no porto de Fisterra e os beneficios que van derivar para o sector profesional da zona
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 242, do 18.01.2018

1.3 24918 (10/POC-004129)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para posibilitarlle á frota galega de buques doutras artes distintas ao arrastre e cerco, dedicadas á pesquería da cabala, a realización da súa actividade nas mesmas condicións que as outras frotas do Cantábrico
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 256, do 08.02.2018

1.4 26360 (10/POC-004303)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis
Sobre o número e contido das prácticas de adestramento para a loita contra a contaminación mariña desenvolvidas nos últimos anos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 268, do 28.02.2018

1.5 27177 (10/POC-004410)
Grupo Parlamentario de En Marea

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
23 ABR. 2018
Núm. 8863

Santos Queiruga, Carmen e Merlo Lorenzo, Juan José
Sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego en relación coa sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea referida ao acordo pesqueiro co Reino de Marrocos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 272, do 07.03.2018

1.6 28326 (10/POC-004554)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as previsións de Portos de Galicia referidas á realización das actuacións precisas para solucionar a situación de deterioración que presenta o peirao de Corrubedo, no concello de Ribeira
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 285, do 28.03.2018

1.7 28661 (10/POC-004602)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio
Sobre a valoración do Goberno galego referida á xestión levada a cabo nos últimos anos cos helicópteros Pesca I e Pesca II, a prestación na actualidade do servizo de salvamento marítimo pola empresa adxudicataria coas mesmas aeronaves vendidas pola Xunta de Galicia no ano 2012 e as xestións realizadas pola Xunta de Galicia ao respecto, así como a garantía do cumprimento das condicións técnicas necesarias para ese fin
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 289, do 11.04.2018

1.8 28937 (10/POC-004640)
Grupo Parlamentario de En Marea
Santos Queiruga, Carmen e Merlo Lorenzo, Juan José
Sobre as razóns da Xunta de Galicia para considerar na actualidade como de vangarda tecnolóxica os dous helicópteros de salvamento marítimo vendidos no ano 2012 porque estaban obsoletos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 293, do 18.04.2018

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 23 de abril de 2018

Marta Rodríguez Arias
Presidenta da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Marta Rodriguez Arias na data 23/04/2018 13:57:37

RELACIÓN DE MEMBROS DE
COMISIÓN 8ª, PESCA E MARISQUEO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta

Marta Rodríguez Arias	P

Vicepresidente

José Alberto Pazos Couñago	P

Vogais

Teresa Egerique Mosquera	P
María Ángeles García Míguez	P
Carlos Enrique López Crespo	P
María Montserrat Prado Cores	BNG
María Soraya Salorio Porral	P
Carmen Santos Queiruga	EM
María Dolores Toja Suárez	S
Julio Torrado Quintela	S
Daniel Vega Pérez	P

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 27.04.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo
Día: 27.04.2018 Hora: 10:30
Orde do día

1.1 22193(10/POC-003612)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia da situación de perda progresiva do contacto entre os investigadores e os traballadores directos do mar, a creación dunha entidade autonómica que aglutine a investigación no sector pesqueiro e as medidas que pode levar a cabo para impulsar un cambio nesta situación

Publicación da iniciativa, 237, 11.01.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2018 11:03
Nº Rexistro: 22193
Data envio: 04/01/2018 11:03:32.437

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, Abel Losada Alvarez e **María Dolores Toja Suárez**, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo**.

A necesidade de implementar todas as medidas e accións posibles para mellorar a eficacia e eficiencia do sector pesqueiro supón un compromiso irrenunciable para a Administración galega, dada a relevancia e o impacto que este campo ten a nivel económico e social para Galicia.

A investigación supón unha ferramenta indispensable para o avance do sector pesqueiro, e encádrase dentro destas medidas e accións que son de claro impulso e mellora para o sector. As aplicacións diversas e constantes dos avances investigadores teñen impulsado á pesca galega a cotas de eficiencia moi importantes. Non entanto, a redución do investimento público en I+D+i promovido polos gobernos de España e Galicia na década dos anos 10 deste século XXI supuxo, tamén no eido pesqueiro, unha perda importante de recursos humanos e de potencial de impulso. Nos orzamentos de 2018 da Consellería do Mar, o programa de divulgación tecnolóxico e o de investigación son os dous con menor investimento de entre os 10 en que se compón o orzamento.

Existe unha progresiva perda de conexión entre os traballadores directos no mar e os investigadores que, dispersos en distintas institucións e entidades (Intecmar, Cetmar, Instituto Oceanográfico, universidades…), tamén teñen dificultades de coordinación entre eles.

A situación resulta, por tanto, nunha perda de potencial debida a problemas de ausencia de aposta pola investigación pesqueira por parte da Xunta de Galicia tanto en termos cuantitativos como cualitativos. Unha das ideas e propostas suxeridas no entorno do sector pesqueiro, e por parte dos propios traballadores directos do mar, é a constitución dun órgano autonómico que poida servir de aglutinador das diferentes liñas e proxectos de investigación que afectan ao sector dende

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2018 11:03
Nº Rexistro: 22193
Data envio: 04/01/2018 11:03:32.437

diferentes perspectivas. Existen modelos noutras administracións que, de maneira coordinada, funcionan a través de entidades que promoven e coordinan a investigación relacionada co mar, e conseguen maiores cotas de financiación e apoio aos proxectos que, finalmente, resultan en beneficio e melloras para o sector.

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración merece para a Xunta de Galicia a situación de perda progresiva de contacto co sector que existe entre os investigadores e os traballadores directos do mar?

2. Ten estudiado a Xunta de Galicia a creación dunha entidade autonómica que aglutine e coordine as labores de investigación sobre o sector pesqueiro?

3. É coñecedora a Xunta de Galicia das queixas do sector que demandan unha investigación máis aplicada e de maior impacto no sector?

4. Asume a Xunta de Galicia a necesidade de coordinar a labor investigadora dos centros e profesionais de Galicia, e o impulso da súa relación cos traballadores directos do mar?

Pazo do Parlamento, 4 de xaneiro de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Abel Losada Alvarez
María Dolores Toja Suárez
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2018 11:03
Nº Rexistro: 22193
Data envio: 04/01/2018 11:03:32.437

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Julio Torrado Quintela na data 04/01/2018 10:58:31

Abel Fermín Losada Álvarez na data 04/01/2018 10:58:37

María Dolores Toja Suárez na data 04/01/2018 10:58:42

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo
Día: 27.04.2018 Hora: 10:30
Orde do día

1.2 22759(10/POC-003752)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López Crespo, Carlos Enrique e 7 máis

Sobre a execución das obras de mellora iniciadas a principios do verán de 2017 no porto de Fisterra e os beneficios que van derivar para o sector profesional da zona

Publicación da iniciativa, 242, 18.01.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2018 11:53
Nº Rexistro: 22759
Data envio: 11/01/2018 11:53:34.701

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

Carlos E. López Crespo, Teresa Egerique Mosquera, Marian García Míguez, Alberto Pazos Couñago, Diego Calvo Pouso, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esta Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión 8ª Pesca e Marisqueo.**

O pasado 30 de agosto a Conselleira do Mar, acompañado polo presidente do ente público Portos de Galicia visitaban o porto de Fisterra para coñecer de primeira man as obras iniciadas a comezos de verán e que se prolongarán ata primeiros do ano 2018.

Investir en mellorar a seguridade nos portos é algo fundamental como tamén o é dar servizo aos profesionais do mar, pois a pesca é un dos piares económicos de localidades coma Fisterra.

Neste caso, a necesidade dun contradique responde a unha vella demanda do sector e que foi consensuado co pleno da Confraría, tal e como recoñeceu o seu Patrón Maior.

Polo exposto, os deputados e deputadas abaixo asinantes, formulan as seguintes Preguntas Orais en Comisión:

1. En que consisten concretamente as obras iniciadas no Porto de Fisterra a principios do verán?

2. En que beneficiarán estas melloras para o sector profesional da zona?

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2.018

Asinado dixitalmente por:

Carlos Enrique López Crespo na data 11/01/2018 11:50:49

Teresa Egerique Mosquera na data 11/01/2018 11:51:23

María Ángeles Garcia Míguez na data 11/01/2018 11:51:32

María Soraya Salorio Porral na data 11/01/2018 11:51:38

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2018 11:53
Nº Rexistro: 22759
Data envio: 11/01/2018 11:53:34.701

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

Alberto Pazos Couñago na data 11/01/2018 11:51:45

Diego Calvo Pouso na data 11/01/2018 11:51:59

Marta Rodriguez Arias na data 11/01/2018 11:52:21

Daniel Vega Pérez na data 11/01/2018 11:53:05

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo
Día: 27.04.2018 Hora: 10:30
Orde do día

1.3 24918(10/POC-004129)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para posibilitarlle á frota galega de buques doutras artes distintas ao arrastre e cerco, dedicadas á pesquería da cabala, a realización da súa actividade nas mesmas condicións que as outras frotas do Cantábrico

Publicación da iniciativa, 256, 08.02.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2018 17:29
Nº Rexistro: 24918
Data envio: 01/02/2018 17:29:30.709

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**, relativa ás medidas a adoptar para que a flota galega poida realizar a súa actividade nas mesmas condicións que outras do Cantábrico.

Ven de publicarse unha resolución do 25 de xaneiro da Secretaría Xeral de Pesca, pola que se establece a apertura da pesquería da cabala para o ano 2018, para os buques de outras artes distintas ao arrastre e cerco no Cantábrico noroeste, con porto base en Guipúscoa e Biscaia, onde se pode comprobar as grandes diferencias que supón o actual reparto dunhas flotas con respecto a outros, sendo as galegas as mais prexudicadas.

Así, neste 2018, aplicándolle a redución que sufriu o reparto de cotas na UE do 20%, correspóndelle a estas dúas provincias a cantidade provisional de 3.869.081 quilos, sendo autorizada a súa actividade a partir do 26 de xaneiro de 2018. O ano pasado correspondéronlle 5.048.607 quilos, comezando a súa actividade o 01 de xaneiro de 2017.

Cantabria, o ano pasado obtivo unhas 3.009.188 quilos, comezando a súa actividade o 27 de febreiro e establecendo un reparto lineal de 3.000 quilos por tripulante enrolado. Non contemplou porcentaxe por pesca accidental.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2018 17:29
Nº Rexistro: 24918
Data envio: 01/02/2018 17:29:30.709

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ese mesmo ano o noso País, por iniciativa do presidente da Federación de confraría de Lugo, dividiron a cota por provincias, correspondéndolles:

- Lugo. 694.857 quilos, comezando a súa actividade o 20 de marzo con un reparto de 2.000 quilos por tripulante semana.

- A Coruña: 828.091 quilos, iniciando a súa actividade o 20 de marzo con unha cota de 2.000 quilos tripulante semana. Deixándolle unha porcentaxe do 15% para pesca accidental e no establecendo un tope de 300 quilos por embarcación e semana.

- Pontevedra: 572.427 quilos, iniciando a súa actividade o 27 de marzo, nunha condicións onde o 50% de dita cota era para a pesca dirixida.

O resultado final foi que partillamos a fame co criterio de cada quen que se zafe. O Goberno galego inhibiuse totalmente do problema e algúns traballaron unicamente 5 días mentres outras flotas estiveron todo o tempo que quixeron no noso caladoiro, pescando sen ningún tipo de control, vendendo a uns prezos espectaculares mentres a flota galega dirixida aplicáselle unhas condicións leoninas cuns resultados lamentables. Os que defenderon o seu dereito a poder pescar, pescan case todo o ano, algúns sen ningún tipo de restricións, mentres a flota galega ao pairo.

Situación dramática, que ten preocupada a nosa flota, que padecen unha negociación, pola que pasaron dunha situación onde a igualdade de barco igual dereito de cota, a esta que carecen de dereitos, non poden pescar nas súas augas e teñen que padecer que embarcacións iguais poden na campaña facer 10.000 ou 100.000 euros, en función do país ao que pertenzan.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2018 17:29
Nº Rexistro: 24918
Data envio: 01/02/2018 17:29:30.709

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Neste ano 2018 estase repetindo de novo a situación, sen que o Goberno galego faga nada por emendalo, máis que xustificar o inxustificable que a igualdade de embarcacións existe unha gran desigualdade dependendo ao lugar no que teñas o porto base.

Estas son as razóns que levan a formular as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

-Que medidas pensa adoptar para garantir a viabilidade da flota continxentada para o ano 2018?

-Vai a reclamar medidas para que a flota galega teña as mesmas condicións con independencia de que pertenzan a Lugo, A Coruña ou Pontevedra?

-Vai unificar a cota galega?

-Vai demandar o cambio de modelo de reparto para que a igual embarcación e mesmo número de tripulantes teñan iguales dereitos?

-No ámbito do País pensa a efecto de xestión unificar as dúas zonas e a cota galega para un mellor reparto?

-Pensa a Consellaría do Mar reclamar a exención de cota para a pesca accidental ou vaina condenar, ao igual que cos descartes, á prohibición de poder pescar determinadas especies como a xarda?

-Como é posíbel que nas artes menores aconteza o mesmo que no arrastre, que as outras flotas teñan maiores dereitos de pesca, condición de topes de capturas

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2018 17:29
Nº Rexistro: 24918
Data envio: 01/02/2018 17:29:30.709

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

diferentes e as poidan vender con total tranquilidade mentres a nosa flota prohibido pescala?

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 01/02/2018 17:17:46

Noa Presas Bergantiños na data 01/02/2018 17:17:51

Olalla Rodil Fernández na data 01/02/2018 17:17:55

Xose Luis Rivas Cruz na data 01/02/2018 17:17:59

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2018 17:29
Nº Rexistro: 24918
Data envio: 01/02/2018 17:29:30.709

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 01/02/2018 17:18:03

Ana Pontón Mondelo na data 01/02/2018 17:18:06

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo
Día: 27.04.2018 Hora: 10:30
Orde do día

1.4 26360(10/POC-004303)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre o número e contido das prácticas de adestramento para a loita contra a contaminación mariña desenvolvidas nos últimos anos

Publicación da iniciativa, 268, 28.02.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2018 13:53
Nº Rexistro: 26360
Data envio: 16/02/2018 13:53:10.557

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, Carlos López Crespo, Marián García Míguez, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e **Daniel Vega Pérez,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo.**

A situación de Galicia no mapa, mirando ao mar, aporta importantes beneficios ao sector pesqueiro pero tamén implica que se poida ver afectada polo elevado tráfico marítimo ao estar próximo a un corredor polo que circulan grande número de mercantes, algúns deles con materiais perigosos que en ocasións poden poñer en risco as nosas costas. Pero esta contaminación non só pode vir do lado do mar, senón tamén por terra, chegando aos nosos mares a través dos cauces dos ríos e regatos.

A nosa Comunidade Autónoma pasa por ser a única que posúe un Plan Territorial de continxencias por contaminación mariña accidental, denominado comunmente como plan CAMGAL, unha previsión que de xeito regulado a través do Decreto 135/2016 do 6 de outubro, achega unha resposta áxil e coordinada ante un eventual caso de contaminación.

Un dos obxectivos deste plan é o de dar resposta e prepararse da mellor maneira posible para atender un accidente de estas características. Para acadar este fin véñense desenvolvendo unha serie de exercicios de adestramento nos que participan en coordinación os corpos de distintas administracións, como son Salvamento Marítimo, Garda Civil, Gardacostas de Galicia, as autoridades portuarias e as policías locais ou agrupacións de Protección Civil de distintos concellos costeiros que se poden ver afectados por unha situación de alerta por contaminación. Pero tamén existen outros organismos como o Intecmar ou empresas privadas que participan nestes dispositivos.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

1. Cal foi o número de prácticas de adestramento para a loita contra a contaminación desenvolvidas nos últimos anos?

2. Concretamente, ¿En que consistiron?

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2018 13:53
Nº Rexistro: 26360
Data envio: 16/02/2018 13:53:10.557

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 16/02/2018 13:26:43

Carlos Enrique López Crespo na data 16/02/2018 13:26:55

María Ángeles Garcia Míguez na data 16/02/2018 13:27:03

Alberto Pazos Couñago na data 16/02/2018 13:27:08

Marta Rodriguez Arias na data 16/02/2018 13:27:17

María Soraya Salorio Porral na data 16/02/2018 13:27:24

Daniel Vega Pérez na data 16/02/2018 13:27:30

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo
Día: 27.04.2018 Hora: 10:30
Orde do día

1.5 27177(10/POC-004410)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e Merlo Lorenzo, Juan José

Sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego en relación coa sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea referida ao acordo pesqueiro co Reino de Marrocos

Publicación da iniciativa, 272, 07.03.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2018 17:44
Nº Rexistro: 27177
Data envio: 01/03/2018 17:44:35.417

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Santos Queiruga e Juan José Merlo Lorenzo, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral na **Comisión 8.ª**

O Grupo Parlamentario de En Marea saúda a sentencia do TUE sobre o acordo pesqueiro entre a Unión Europea e o reino de Marrocos. É agora o momento de corrixir e arranxar esta inxustiza, de dar a razón ao pobo que lexitimamente reclama a capacidade de decisión sobres os seus recursos naturais. Lamentamos que isto tivera que demorarse no tempo xa que é unha reclamación xusta que hoxe se demostra acreditada ademais legalmente; a reclamación dun pobo a xestionar os seus recursos pesqueiros, ao igual que os galegos reclamamos a capacidade de decidir sobre os nosos mares.

Durante estes anos nin o Goberno do Estado nin o galego estiveron á altura, esperamos que dende hoxe comecen a facer as cousas do xeito correcto. É o momento de respectar a decisión do TUE e comezar a negociar un acordo cos lexítimos representantes do pobo Saharauí de forma que se garanta que as empresas e traballadores poidan manter a súa actividade no banco pesqueiro do Sáhara Occidental, pero dende unha maior garantía e lexitimidade, mediante acordos cos lexítimos xestores deses recursos que permita a definición dun acordo pesqueiro que mellore as condicións socioeconómicas de ambas partes e acabe coa violación da soberanía do Sáhara.
Por iso co obxectivo de traballar de inmediato para que os barcos galegos poidan continuar a súa actividade -recordemos que no 2017 das 90 licencias posibles

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2018 17:44
Nº Rexistro: 27177
Data envio: 01/03/2018 17:44:35.417

para todo o Estado, apenas 5 barcos galegos estaban a faenar nesas augas-, de tal forma que o posible acordo cos lexítimos representantes do pobo saharauí poida incrementar as posibilidades socioeconómicas dos nosos barcos, pero tamén e de forma transcendental as do pobo saharauí, no sentido de que a utilización dos seus recursos repercuta na mellora das súas condicións de vida.

Por todo o exposto a deputada e o deputado asinantes pertencentes ao Grupo Parlamentario de En Marea, formulan a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8.ª:

Que vai facer o Goberno galego para que de xeito inmediato se respecte a decisión do TUE, se comece unha negociación cos lexítimos representantes do pobo saharauí, e que así melloren as condicións socioeconómicas deste acordo, co obxectivo de axudar a mellorar as expectativas e condicións de pesca dos traballadores galegos afectados e as condicións de vida dos Saharauís?

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 2018.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga

Juan José Merlo Lorenzo

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 01/03/2018 17:43:48

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2018 17:44
Nº Rexistro: 27177
Data envio: 01/03/2018 17:44:35.417

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Juan José Merlo Lorenzo na data 01/03/2018 17:43:59

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo
Día: 27.04.2018 Hora: 10:30
Orde do día

1.6 28326(10/POC-004554)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as previsións de Portos de Galicia referidas á realización das actuacións precisas para solucionar a situación de deterioración que presenta o peirao de Corrubedo, no concello de Ribeira

Publicación da iniciativa, 285, 28.03.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/03/2018 18:07
Nº Rexistro: 28326
Data envio: 21/03/2018 18:07:52.041

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**, relativa ás actuacións que debe realizar Portos de Galiza para solucionar a situación de deterioro no peirao de Corrubedo no concello de Ribeira.

Todo o mundo sabe o que custa o acondicionamento e as obras que se fan por parte das administracións tanto local, galega como estatal. Pois ben, tan importante é o feito de facer, promover e levar a cabo estas obras como o seu mantemento futuro, porque, as actuacións non só hai que facelas, senón tamén mantelas en bo estado para que cumpran a función para a que foran creadas.

No BNG recibimos a queixa e podemos comprobar "in situ", de que a zona portuaria de Corrubedo ten unha serie de carencias, desperfectos e situacións de feísmo que nuns casos impiden, e noutros fan difícil, o labor d@s usuari@s de dita zona, por non dicir que tamén deixan en mal lugar @s residentes, diante d@s visitantes –moit@s- que acoden á parroquia –visita obrigada por mor da paraxe natural das dunas e o faro de Corrubedo-.

Un bo número de farolas están fóra de servizo, ben por estar fundidas ou rotas as conexións eléctricas. Máis aínda, algunhas levan moito tempo nese estado –

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/03/2018 18:07
Nº Rexistro: 28326
Data envio: 21/03/2018 18:07:52.041

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

máis dun ano-. No propio peirao as escaleiras de acceso están ou oxidadas ou rotas e a piques de se desprenderen, co que conleva iso de perigo. As varandas de protección completamente oxidadas, o que vai supoñer a súa futura corrosión e probable desprendemento.

Verbo do feísmo, a carón mesmo do restaurante que hai no porto, atopámonos cunha edificación en construción que leva varios anos así. Ocupa parte do dominio das beirarrúas con cascotes de pedra, unicamente protexidos por unha malla de ferro coa metade das celas rotas; o que supón un perigo engadido para crianzas e maiores. E non digamos dos socavóns e fochancas que se atopan na rúa de acceso á rampla.

O Bloque Nacionalista Galego presentou unha iniciativa en 2013 no Concello de Ribeira na que se instaba a Portos de Galiza a ter conta do seu patrimonio e a mellorar as instalacións portuarias de Corrubedo.

Nunha xuntanza mantida entre o BNG e os mariñerios realizada en 2017, comprobouse que o peirao presentaba unha total falta de mantemento e un acusado deterioro, mais a día de hoxe a pesares do tempo transcorrido a situación sigue sen estar resolta, por esta razón formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

-Ten intención Portos de Galiza de asumir a súa responsabilidade de ter as infraestruturas portuarias en condicións e realizar as labores de mantemento que sexan precisas, e polo tanto as do peirao de Corrubedo?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/03/2018 18:07
Nº Rexistro: 28326
Data envio: 21/03/2018 18:07:52.041

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Cando ten pensado Portos de Galiza dotar de instalacións o porto de Corrubedo nas que os mariñeiros poidan traballar baixo cuberto e non baixo as inclemencias do tempo?

-Cando ten pensado Portos de Galiza reparar as escaleiras e mellorar a sinalización viaria para evitar que os vehículos estacionen diante da rampla?

-Contempla Portos de Galiza atender a demanda de rebaixar a rampla no seu tramo final?

-Cando e que actuación ten previsto realizar Portos de Galiza para aumentar e mellorar o alumeado no peirao de Corrubedo?

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/03/2018 18:07
Nº Rexistro: 28326
Data envio: 21/03/2018 18:07:52.041

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 21/03/2018 18:02:29

Ana Pontón Mondelo na data 21/03/2018 18:02:33

Xose Luis Rivas Cruz na data 21/03/2018 18:02:34

Olalla Rodil Fernández na data 21/03/2018 18:02:36

Noa Presas Bergantiños na data 21/03/2018 18:02:37

Xosé Luis Bará Torres na data 21/03/2018 18:02:38

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo
Día: 27.04.2018 Hora: 10:30
Orde do día

1.7 28661(10/POC-004602)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio

Sobre a valoración do Goberno galego referida á xestión levada a cabo nos últimos anos cos helicópteros Pesca I e Pesca II, a prestación na actualidade do servizo de salvamento marítimo pola empresa adxudicataria coas mesmas aeronaves vendidas pola Xunta de Galicia no ano 2012 e as xestións realizadas pola Xunta de Galicia ao respecto, así como a garantía do cumprimento das condicións técnicas necesarias para ese fin

Publicación da iniciativa, 289, 11.04.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/04/2018 18:05
Nº Rexistro: 28661
Data envio: 02/04/2018 18:05:13.710

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

María Dolores Toja Suárez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para súa resposta oral na Comisión 8ª.

No ano 2005, o Sr. Enrique López Veiga, naquel momento conselleiro do Mar mercou dous Sikorsky S-76 C+, os coñecidos como Pesca 1 e Pesca 2, segundo a consellaría, eran os helicópteros que mellor se adaptaban ás costas galegas. Como a Xunta non tiña persoal propio, tal como rescatadores, mecánicos, pilotos … etc, subcontratou con INAER, actualmente BABCOCK ESPAÑA, ese persoal.

Posteriormente, no ano 2012, a Xunta, decidiu malvender os dous Sikorsky S-76 C+. Esta xestión foi duramente criticada polo Consello de Contas, en canto a que se omitiron os procedementos legalmente establecidos e que se acudiu a un trámite excepcional, en lugar de seguir os procedementos legais. O comprador foi INAER, empresa coa que posteriormente se estableceu un contrato de 5 anos para operar as aeronaves.

En outubro de 2017, ante un primeiro concurso que quedou deserto, a Consellería do Mar lanzou unha consulta ao mercado para determinar cal debería ser o custe do servizo. Posteriormente, o segundo concurso resolveuse a favor, novamente, da mesma empresa que viñera prestando os servizos.

Para o Grupo Parlamentario Socialista, isto resúmese en poucas palabras: trátase dunha sucesión de operacións, que implicaron todas elas maiores custes para Galicia, que unicamente beneficiaron e benefician a unha empresa adxudicataria, e puxeron de relevo a incapacidade de xestión do Goberno Feijóo con respecto aos fondos públicos.

Acabase de facer público que os Sikorsky S-76 C+, xubilados no ano 2012, segundo os argumentos da consellería do Medio Rural e do Mar, naquel momento, por obsoletos, e non adaptarse ás costas galegas, e para optar a aeronaves máis avanzadas tecnoloxicamente, están a ser utilizados por parte da empresa concesionaria coa aprobación da Xunta de Galicia.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/04/2018 18:05
Nº Rexistro: 28661
Data envio: 02/04/2018 18:05:13.710

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Por todo isto a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que valoración fai o Goberno galego da xestión levada a cabo nos últimos anos co Pesca 1 e Pesca 2?

2ª) É coñecedor o Goberno galego de que a empresa adxudicataria está prestando un servizo cunhas aeronaves que son as mesmas que foron xubiladas por vostedes no ano 2012?

3ª) Que xestións fixo o Goberno galego para reclamarlle á empresa concesionaria a prestación do servizo con aeronaves que non estivesen retiradas e se adaptasen ás costas galegas?

4ª) Cre o Goberno galego que isto mostra capacidade de xestión dos recursos públicos?

5ª) Como garante o Goberno galego que se están a cumprir as condicións técnicas necesarias para o desenvolvemento do salvamento marítimo, cando se están utilizando unhas aeronaves que foron descartadas polo propio Goberno no ano 2012, por non cumprir as ditas condicións?

6ª) Que responsabilidades vai asumir o Goberno galego e concretamente a Conselleira do Mar, pola neglixente xestión dun recurso destinado á seguridade das persoas do mar?

7ª) Que avances tecnolóxicos ofrecen estas aeronaves?

Pazo do Parlamento, 2 de abril de 2018

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 02/04/2018 18:00:58

Julio Torrado Quintela na data 02/04/2018 18:01:10

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo
Día: 27.04.2018 Hora: 10:30
Orde do día

1.8 28937(10/POC-004640)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e Merlo Lorenzo, Juan José

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para considerar na actualidade como de vangarda tecnolóxica os dous helicópteros de salvamento marítimo vendidos no ano 2012 porque estaban obsoletos

Publicación da iniciativa, 293, 18.04.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2018 09:30
Nº Rexistro: 28937
Data envio: 05/04/2018 19:09:28.489

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Santos Queiruga e Juan Merlo Lorenzo, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Comisión 8.ª**

En Marea leva tempo advertindo do ruinoso negocio que para a Administración galega supuxo a venda no ano 2012 dos dous helicópteros de salvamento marítimo que foran comprados no 2005. Tamén o advertiu o Consello de Contas, que en 2014 sinalou que a venda dos helicópteros por 13,5 millóns –a metade do que custaran cando os adquirira o goberno de Fraga- non contara con ningún estudo sobre a repercusión da venda dese patrimonio. No mellor dos casos, o goberno do Partido Popular malvendeu bens públicos a cegas; no peor, regaloulle un negocio moi rendible a unha empresa amiga a costa dos intereses dos galegos e das galegas.

Os helicópteros foron adquiridos no ano 2005, despois da catástrofe do Prestige. A xestión do seu servizo e mantemento foi entregada a Inaer. En 2012, os helicópteros foron vendidos polo Goberno a dita empresa alegando que os aparatos quedaran vellos e que a venda permitiría rebaixar a cota anual que se estaba pagando á empresa, que mantiña a obriga de prestar os seus servizos ata 2017.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2018 09:30
Nº Rexistro: 28937
Data envio: 05/04/2018 19:09:28.489

No mes de abril, a Xunta convocou un primeiro concurso para atopar unha empresa que continuase prestando o servizo de salvamento marítimo con helicóptero durante catro anos prorrogables a seis por 6,5 millóns anuais. Inaer, que tras ser adquirida pola multinacional británica Babcock recibe o nome de **Babcock Mission Critical Services España,** non se presentou ao concurso e este declarouse deserto, xa que a única empresa que se presentara descartouse por non cumprir as condicións.

Así, e coa intención de confeccionar un traxe a medida de Inaer-Babcok España, en xuño a Xunta realizou unha consulta preliminar do mercado para que as empresas susceptibles de acudir a un novo concurso lle informaran dos cambios que tería que facer para que fose máis atractivo. Unha vez feita a consulta, a Xunta convocou unha nova licitación que incrementaba en dous millóns de euros o pago anual á empresa que gañase o concurso. Pasábase de ofrecer 6,5 millóns anuais a ofrecer 8,5, un millón de euros máis do que costaba o servizo antes de que os helicópteros foran malvendidos no 2012.

Ao novo concurso presentouse a empresa que fora descartada no primeiro, que foi novamente apartada por non cumprir as condicións, e Inaer-Babcok España, que ao non contar con competencia, non tivo que propoñer á Administración ningún tipo de rebaixa dos seus prezos. Desta maneira, a empresa que xestionaba os servizos aéreos de salvamento marítimo con helicópteros dende 2005 continuará xestionando eses mesmos servizos, pero supoñendo un coste moito maior para as galegas e galegos.

Porén, os argumentos esgrimidos polo Goberno de Feijóo para malvender os helicópteros non foron económicos, senón técnicos. O 22 de xuño de 2011, o

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2018 09:30
Nº Rexistro: 28937
Data envio: 05/04/2018 19:09:28.489

entón secretario xeral da Consellería do Medio Rural e do Mar, Francisco José Vidal-Pardo, chegou a dicir no Parlamento que non vender os helicópteros sería "anquilosarse, tender ao monopolio e tender a unhas condicións obsoletas co paso do tempo, e nós non queremos iso para o salvamento marítimo, queremos poder ir co percorrer dos tempos, que todas as melloras tecnolóxicas en materia de salvamento marítimo podamos acollelas na Xunta de Galicia.". Na mesma liña expresábase a nota de prensa da comparecencia difundida pola Xunta, que incidía no feito de que a venda permitiría "optar a aeronaves máis avanzadas tecnoloxicamente". Pois ben, seis anos máis tarde os helicópteros que prestan o servizo de salvamento da Xunta seguen a ser os mesmos Sikorsky S-76C+ con matrículas EC-JES e EC-JET que foron vendidos polo Partido Popular. Ao final, a venda dos helicópteros non serviu nin tan sequera para alcanzar os obxectivos expresados nas escusas do Goberno.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión.

- Como é posible que os helicópteros que estaban obsoletos fai seis anos sexan considerados agora vangarda tecnolóxica pola Xunta de Galicia?

Santiago de Compostela, 5 de abril de 2018.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga
Juan Merlo Lorenzo
Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2018 09:30
Nº Rexistro: 28937
Data envio: 05/04/2018 19:09:28.489

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 05/04/2018 19:03:15

Juan José Merlo Lorenzo na data 05/04/2018 19:03:20